



Acta da Xunta de Escola ordinaria do 28 de outubro de 2016

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 28/10/2016.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 28/10/2016.
- III. Documentación relativa á Normativa de Prácticas.
 - Normativa de Prácticas Académicas Externas Extracurriculares.
 - D7 - Informe do titor académico.
 - D8 - Certificado de ter realizado ás prácticas.
- IV. Procedemento para o seguimento das Obrigas Docentes.
- V. Horario e aulas dos Graos.
 - Horario e aulas do Grao EE 2016-17.
 - Horario e aulas do Grao ERME 2016-17.
- VI. Calendario Escolar 2016-17.
- VII. Plan de Internacionalización da ETS de Enxeñaría de Minas.
- VIII. Documentación relativa ao Plan de Calidade da ETS de Enxeñaría de Minas.
 - Rexistros da Axenda Básica do SGIC 2015-16.
 - Rexistros da Axenda Básica do SGIC 2016-17.
 - Axenda Básica para o desenvolvemento de programas de calidade 2016-17.
 - Informe de inserción laboral dos egresados dos Graos.
 - Informes dos TFGs e TFMs 2015-16.
 - R1 DO-0201 Informe de Coordinación dos Graos 2015-16.

Ábrese a sesión ás 13 horas e 5 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da ETS de Enxeñaría de Minas, presidida pola Directora, Dona Natalia Caparrini Marín, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:



1. Constitución da Xunta de Escola do curso 2016-2017.

Como en cada comezo de curso académico, procédese á constitución da Xunta de Escola. Neste curso 2016-2017, a dirección dá a benvida aos novos profesores que se incorporan:

- José María Correa Otero
- José Bienvenido Díaz Ferrer
- Gonzalo Benito Méndez Martínez
- Carlos Villaverde Taboada

A dirección agradece tamén a súa participación aos membros que cesan:

- José Cidrás Pidre
- Belén Díaz Fernández
- Ángel Manuel Espada Seoane
- Itciar Goicochea Castaño
- Begoña González de Prado
- Jorge Morán González
- Faustino Patiño Cambeiro
- José Antonio Sueiro Domínguez
- Ana María Ulla Miguel
- Benito Vázquez Dorrió

2. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 6 de xullo de 2016.

Enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta Xunta de Escola.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 6 de xullo de 2016.

Unha vez aprobada será publicada definitivamente na sección de DESCARGAS ACTAS E GASTOS de acceso libre da web do centro, por exemplo en galego:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=394,430,0,0,1,0>



3. Informe da Directora

A Directora informa:

- Unha vez finalizados os prazos de matrícula, o número de alumnos matriculados en cada unha das titulacións da Escola son os seguintes:

Titulación	Nº de alumnos matriculados
Grao en Enxeñaría da Enerxía	64
Grao en Recursos Mineiros e Enerxéticos	20
Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	17 (11+6 oíntes)
Mestrado en Xeoinformática	23

- Actividades de promoción da Escola:
 - A Semana da Ciencia terá lugar desde o 21 ao 25 de novembro. Pódese atopar mais información na páxina da Escola:
<http://etseminas.webs.uvigo.es/cms/index.php?id=81>
 - A Exposición Itinerante “Recursos Naturais de Galicia” levouse á Exposición de Minerais de Santiago e á Feira da Enerxía celebrada tamén en Santiago. Ademais expúxose en diversos centros educativos.
 - Realizáronse charlas monográficas, sobre temas relacionados coas materias que se imparten nos graos da nosa Escola, en diferentes centros educativos de secundaria.
 - A vindeira Olimpíada de Xeoloxía terá lugar o 15 de febreiro.
- A coordinadora de difusión do centro, Marta Cabeza Simó, tivo unha reunión o 18 de outubro no SIOPE. Nesa reunión tratáronse os seguintes temas:
 - Vaise celebrar unha Xornada á Orientadores o 23 de novembro.
 - Vanse publicar os vídeos de promoción do centro
 - Realizaranse charlas en institutos.
 - A Feira Educación terá lugar en xaneiro.
 - Organizaranse visitas ao centro.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



- Novas Actividades:
 - O centro participará en Galicia os días 16, 17 e 18 de novembro.
 - Estanse preparando diversas demostracións manipulativas para ofertar nunhas Xornada de Portas Abertas.
 - En colaboración co Concello de Vigo, levarase un monolito con información da Escola á diversos lugares da cidade de Vigo.
 - A Dirección está traballando cunha empresa para facer mais presente a Escola nas redes sociais.

- Xa está publicada a Execución do Presuposto do 3º Trimestre de 2016. Atópase na sección de DESCARGAS ACTAS E GASTOS de acceso libre da web do centro:
<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?aid=689>

- O 17 de outubro incorporáronse dous bolseiros de calidade:
 - Fernández Boga, Antía
 - Díaz Silva, Daniel

- Realizáronse os seguintes cursos na ETSE de Minas
 - Curso de Bombas de Calor Xeotérmicas. Os días 16 e 17 de setembro (Acluxega).
 - Curso de Cimentacións. Do 5 ao 11 de outubro (Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas).
 - Curso de Instalacións Xeotérmicas. Os días 21 e 22 de novembro (Acluxega).

- O 4 de outubro recibíuse a certificación do acordo da Comisión de Actividades e Servizos do Consello Social respecto á axuda solicitada para o desenvolvemento da “Semana dá Ciencia 2016”. A axuda é por un importe de 2000€.

- O 12 de outubro a Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado publicou, a través da Secretaría Virtual, os resultados definitivos da valoración anual, obrigatoria, do programa Docencia. A Vicerreitoría convocará proximamente a avaliación quinquenal, voluntaria.



Centro certificado
FIDES-AUDIT



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



- Iniciouse o proceso para os informes de Seguimento das titulacións oficiais do curso 2015-16. O proceso é similar ao do ano pasado. A única novidade é que as evidencias hai que subilas a unha aplicación xestionada pola ACSUG. O prazo finalizada o 15 de decembro. O Máster en Enxeñaría de Minas será avaliado pola ACSUG.
- A Comisión de Normalización Lingüística da ETS de Enxeñaría de Minas organizou a proxección do documental “Lobos Sucios” o 25 de outubro. Nesta actividade participou o historiador Isidro García Tato.
- Neste curso 2016-17 estase levando a cabo o MEET-Minas. Para isto formáronse 16 mentores, alumnos da Escola, mediante cursos de formación realizados nos meses de xullo e setembro. Cada mentor ten actualmente asignados entre 3 e 4 alumnos (mentees) de primeiro dos graos. Xa se celebraron diversas reunións mentor-mentee e entre coordinadores de MEET.
Así mesmo, tivo lugar unha primeira charla conxunta Telecom-Minas relacionada con esta actividade.

4. Aprobación, se procede, da modificación da Normativa de Prácticas Académicas Externas Extracurriculares.

A directora presenta a modificación da Normativa de Prácticas Académicas Externas Extracurriculares (Anexo III). Coa devandita modificación as prácticas pasan a avaliarse non mediante nota, senón mediante recoñecemento axustándose así á normativa xeral da Universidade de Vigo. Por outra banda, con esta modificación séguese a proposta de mellora suxerida durante os procesos de renovación da acreditación dos graos, no cal especificábase que cumpría “*Revisar e modificar o sistema de cualificación de recoñecemento das PE para que se axuste á normativa sobre Prácticas en Empresa Extracurriculares vixente da Universidade de Vigo*”.

A directora informa así mesmo de que se recibiu un escrito, realizado polo alumno José López Miralles matriculado no Grao en Enxeñaría da Enerxía, amosando o seu desacordo con que a modificación este en vigor de forma inmediata por entender que lle prexudica con respecto aos compañeiros da súa promoción.

A alumna Dona Mariola Juncal Rosales intervén para mostrar a súa preocupación por se esta modificación pode supoñer un descenso na nota do expediente dos alumnos. O alumno Don Iago Blanco Losada interpreta que avaliando mediante recoñecemento pódese perder o incentivo de facer prácticas extracurriculares.



A profesora Dona Marta Cabeza Simó fai un chamamento a que os titores das prácticas académicas externas sexan mais responsables coas súas tarefas de titorización.

Procédese á votación da modificación da Normativa de Prácticas Académicas Externas Extracurriculares, sendo o resultado o seguinte:

- A favor: 12
- En contra: 2
- Abstencións: 1

Apróbase a modificación.

A Normativa de Prácticas Académicas Externas Extracurriculares será publicada na sección de **NORMATIVAS** da web do centro, por exemplo en galego:

<http://etseminas.webs.uvigo.es/cms/index.php?id=25>

5. Aprobación, se procede, da modificación do Procedemento de Obrigas Docentes.

Envíuse con antelación á celebración desta Xunta de Escola, (Anexo IV). A directora comenta as modificacións incluídas.

A modificación apróbase por asentimento.

O Procedemento para o Seguimento e Control da Docencia será publicado na sección de **DESCARGAS DE DOCUMENTOS > DOCUMENTOS SGIC > EVIDENCIAS** da web do centro, por exemplo en galego:

<http://etseminas.webs.uvigo.es/cms/index.php?aid=711>

6. Ratificación, se procede, da modificación dos horarios de 2º curso dos graos impartidos nesta Escola.

Envíuse con antelación á celebración desta Xunta de Escola as propostas de modificación dos horarios do Grao en Enxeñaría da Enerxía e do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (Anexo V). Estas modificacións contan co acordo dos profesores e alumnos afectados e xa foron aprobadas en Comisión Permanente.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a modificación dos horarios de 2º curso dos graos impartidos nesta Escola. Os horarios serán colgados na sección de **PLANIFICACIÓN ACADÉMICA > HORARIOS** da web do centro:

<http://etseminas.webs.uvigo.es/cms/index.php?id=180>



7. Ratificación, se procede, da modificación do calendario escolar 2016-2017.

A proposta de modificación enviouse con antelación á celebración desta Xunta de Escola (Anexo VI). A modificación atinxe ás datas de defensa de TFG e xa foi aprobada en Comisión Permanente.

Apróbase por asentimento a modificación do calendario escolar 2016-2017. O novo calendario será colgado na sección de PLANIFICACIÓN ACADÉMICA > CALENDARIO ESCOLAR da web do centro:

http://etseminas.webs.uvigo.es/cms/index.php?calendario_escolar_es

8. Aprobación, se procede, do Plan de Internacionalización dos Graos impartidos no Centro.

Enviouse con antelación á celebración desta Xunta de Escola a proposta de Plan de Internacionalización dos Graos impartidos no Centro (Anexo VII)

A directora expón o Plan de Internacionalización elaborado pola dirección. Neste plan preténdese implantar a denominada modalidade B de internacionalización orientada á captación de estudantado internacional e internacionalización de alumnado propio. O Plan preséntase en tres fases que implican unha implantación gradual.

- Primeiro curso (2017-2018). Implementaranse grupos B e C en inglés das materias de Formación Básica e Obrigatorias Comúns a ambos os graos.
- Segundo curso (2018-2019). Continuarase coa implantación de grupos B e C nas materias Obrigatorias Propias. Estes dous primeiros cursos supoñen custe cero.
- Terceiro curso (2019-2020). Finalizarase a implantación incluíndo grupos A adicionais nas materias de Formación Básica e Obrigatorias comúns. Prevese unha oferta aproximadamente de 106 ECTS para este curso.

Para lograr estes obxectivos é necesario incrementar o profesorado acreditado para impartir docencia en inglés mediante a súa presentación ao Higher Education Learning Accreditation (HELA).

Apróbase por asentimento o Plan de Internacionalización dos Graos impartidos no Centro.

A directora agradece a todos os profesores involucrados no desenvolvemento do Plan a súa implicación.

9. Nomeamento, se procede, da nova Comisión de Calidade da ETSE de Minas.

Propónse que os profesores Dona M^a Carmen Pérez Pérez e Don Benito Vázquez Dorrió sexan substituídos polas profesoras Dona María Araújo Fernández (Coordinadora do Grao ERME) e Dona Elena González Rodríguez (representante do PDI), respectivamente.



Apróbase por asentimento a composición da nova Comisión, que queda conformada polos seguintes membros:

Presidente comisión:	Director/a del centro	Natalia Caparrini Marín
Secretaria comisión:	Coordinador/a de Calidade	Ángeles Saavedra González
Coordinador/a Grados	Grado EE	David Patiño Vilas
	Grado ERME	María Araújo Fernández
Coordinador/a Masteres	Master IM	Elena Alonso Prieto
	Master XI	Higinio González Jorge
Enlace de Igualdad:		Teresa Rivas Brea
Representante do PDI:		Elena González Rodríguez
Representante do Alumnado:		Marcos González Bello
Representante dos Egresados:		Luisa Álvarez Zaragoza
Representante da Sociedade:		Diego López González
Administrador/a do centro ou persoa en quen delegue:		M ^a Carmen Romo Pérez
Representante da UTC:		Raquel Gandón Chapela

A dirección agradece o traballo realizado polos membros saíntes.

10. Ratificación, se procede, da proposta de solicitude de Actividades Extraacadémicas e de Difusión Cultural da ETSE de Minas.

Nin a Delegación de Alumnos nin o Cartel des Mines solicitaron a subvención anual para Actividades Extraacadémicas e de Difusión Cultural da Vicerreitoría de Extensión Universitaria.

Aínda que ditas solicitudes teñen que ser aprobadas en Xunta de Escola para non perder a subvención, e dado que a convocatoria pechábase o 15 de outubro, a dirección solicitouna polo importe máximo a conceder, 2200€, para cofinanciar a Semana da Ciencia.

O 24 de outubro recibíuse escrito da Vicerreitoría de Extensión Universitaria coa aprobación da devandita subvención.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a proposta de solicitude de Actividades Extraacadémicas e de Difusión Cultural da ETSE de Minas.



Centro certificado
FIDES-AUDIT

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



11. Nomeamento do tribunal de premio extraordinario fin de carreira para as titulacións impartidas na ETS de Enxeñaría de Minas.

A directora propón o seguinte tribunal:

Presidenta	Natalia Caparrini Marín
Secretaria	Ángeles Saavedra González
Vogal	María Araújo Fernández

A Xunta de Escola aproba por asentimento o nomeamento do tribunal de premio extraordinario fin de carreira para as titulacións impartidas na ETSE de Minas.

12. Substitución, se procede, de dous membros na Comisión Permanente da ETSE de Minas

Para a renovación da Comisión Permanente deste curso académico 2016-2017 é necesario substituír dous membros:

- Representante de alumnado: Jaime García Igrexas
- Representante de Profesorado: Jorge Morán González

Recibíronse as seguintes candidaturas:

- Representante de alumnado: Marcos González Bello
- Representante de Profesorado: Pablo Eguía Oller

Xa que existe o mesmo número de candidaturas que de vacantes non procede a votación. Apróbase por asentimento a substitución dos dous membros da Comisión Permanente.

13. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da ETS de Enxeñaría de Minas

Enviouse con antelación á celebración desta Xunta de Escola a documentación relativa ao Plan de Calidade da ETS de Enxeñaría de Minas (Anexo VIII).

A Comisión de Garantía de Calidade da ETSE de Minas aprobou estes documentos na súa reunión previa a esta Xunta de Escola:

- Rexistros da Axenda Básica do SGIC 2015-16.
- Rexistros da Axenda Básica do SGIC 2016-17.
- Axenda Básica para o desenvolvemento de programas de calidade 2016-17.
- Informe de inserción laboral dos egresados dos Graos.
- Informes dos TFGs e TFMs 2015-16.
- R1 DO-0201 Informe de Coordinación dos Graos 2015-16.



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



Na reunión previa da CGIC acordouse engadir os datos dos egresados do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas e do Mestrado en Xeoinformática. Así mesmo farase unha desagregación dos egresados segundo xénero.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a documentación relativa ao Plan de Calidade da ETS de Enxeñaría de Minas, que será subida á correspondente sección da web do centro.

14. Rogos e preguntas

O profesor Don Eduardo Liz Marzán pregunta por que se matricularon 60 alumnos no Grao en Enxeñaría da Enerxía cando ofrecéranse 50 pzas.

A profesora Dona Marta Cabeza Simó solicita coñecer onde están traballando os egresados dos últimos dous cursos.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 55 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a vinte e oito de outubro de dous mil dezaseis.

Vº e Prace

A Presidenta

A Secretaria

Natalia Caparrini Marín

Ángeles Saavedra González



Centro certificado
FIDES-AUDIT

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 28/10/2016



Centro certificado
FIDES-AUDIT

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 28/10/2016



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ANEXO III

Documentación relativa á Normativa de Prácticas.

- **Normativa de Prácticas Académicas Externas Extracurriculares.**
- **D7 - Informe do titor académico.**
- **D8 - Certificado de ter realizado ás prácticas.**



Centro certificado
FIDES-AUDIT

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ANEXO IV

Procedemento para o seguimento das Obrigas Docentes.



Centro certificado
FIDES-AUDIT

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ANEXO V

Horario e aulas dos Graos :

- Horario e aulas do Grao EE 2016-17.
- Horario e aulas do Grao ERME 2016-17.



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ANEXO VI

Calendario Escolar 2016-17.



Centro certificado
FIDES-AUDIT

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ANEXO VII

Plan de Internacionalización da ETS de Enxeñaría de Minas.



Centro certificado
FIDES-AUDIT

Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es



ANEXO VIII

Documentación relativa ao Plan de Calidade da ETS de Enxeñaría de Minas.

- **Rexistros da Axenda Básica do SGIC 2015-16.**
- **Rexistros da Axenda Básica do SGIC 2016-17.**
- **Axenda Básica para o desenvolvemento de programas de calidade 2016-17.**
- **Informe de inserción laboral dos egresados dos Graos.**
- **Informes dos TFGs e TFMs 2015-16.**
- **R1 DO-0201 Informe de Coordinación dos Graos 2015-16.**